

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

15841 *Real decreto 1073/2017, do 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.*

Real decreto 1073/2017, do 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.

A aprobación da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, e a conseguinte modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como a Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, introduciron importantes modificacións legais no ámbito da revisión en vía administrativa orientadas a diversos obxectivos como o reforzamento da seguridade xurídica, a redución da litixiosidade ou o incremento da eficacia administrativa.

Neste sentido, para conseguir de forma plena os obxectivos perseguidos pola norma legal anterior faise necesaria, como corolario lóxico, a aprobación dunha serie de modificacións a nivel regulamentario.

Así mesmo, a norma contén unha serie de cambios que responden a cuestións puramente técnicas.

As principais modificacións son as seguintes:

Os procedementos de revisión quedan suspendidos pola tramitación dos procedementos amigables previstos nos convenios e tratados internacionais e a norma prevé que a autoridade española competente debe comunicar a devandita circunstancia ao órgano revisor.

No procedemento de revogación establécese que o informe do servizo xurídico será posterior á proposta de resolución, seguindo a regra xeral dos procedementos de revisión.

As modificacións legais introducidas en materia de suspensión de sancións tributarias como consecuencia da súa impugnación polos responsables comportaron a necesidade de adaptar neste sentido as disposicións regulamentarias en materia de revisión, tendo en conta que a devandita suspensión, de acordo co disposto no artigo 174.5 en relación co artigo 212.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non se estenderá ás impugnacións que poidan realizar os responsables do artigo 42.2 da mesma lei, dadas as características específicas da devandita responsabilidade.

Igualmente, como consecuencia da doutrina dos actos firmes, e dado que previamente ás actuacións co responsable se poderían ter producido actuacións de recadación con outros obrigados tributarios, establécese que a suspensión non afectará as actuacións de recadación que se producisen ata o momento en que se acorde a suspensión da execución pola impugnación do responsable.

Tamén se recolle regulamentariamente, nos supostos de obrigas conexas, a previsión legal que exige que, en caso de estimación dun recurso ou dunha reclamación contra unha liquidación dunha débeda que, pola súa vez, determinou o recoñecemento dunha devolución a favor do obrigado tributario, a garantía achegada para suspender a devandita liquidación quedará afecta ao reintegro da correspondente devolución conexas.

Por último, en materia de garantías para a suspensión en vía revisora do acto impugnado, establécese que as devanditas garantías deberán cubrir as recargas que procederían en caso de execución da garantía do crédito público.

Por motivos de eficiencia administrativa suprímese a sala desconcentrada de Alacant do Tribunal Económico-Administrativo Rexional da Comunidade Valenciana e considérase a posibilidade de atribuír aos membros dun tribunal económico-administrativo a función de resolver reclamacións propias da competencia doutro.

Modifícase o réxime xurídico do procedemento abreviado para adaptalo á Lei xeral tributaria ao ter desaparecido nesta a vinculación entre o devandito procedemento e os órganos unipersoais.

Establécense regras concretas para a determinación das contías nas reclamacións económico-administrativas.

Por coherencia coa nova redacción legal cámbiase o termo «desacumulación» pola expresión «deixar sen efecto a acumulación» e suprímese a referencia á acumulación orixinaria porque agora se inclúe no precepto legal.

A entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que supón un forte impulso á relación entre cidadán e Administración, preferentemente por medios electrónicos, xera a necesidade de modificación do réxime de notificacións na vía económico-administrativa seguindo o devandito obxectivo e tendo en conta as súas peculiaridades procedementais.

Regúlanse directamente os criterios de cuantificación de custas e outórgase a competencia para requirir de pagamento o delegado de Economía e Facenda, para fomentar a aplicación efectiva da condena en custas. Modifícase a redacción para considerar o caso de reclamacións contra actuacións de particulares, tendo en conta a posibilidade, en tal suposto, de que sexa condenado non só o reclamante, senón tamén a persoa contra a cal se dirixe a reclamación.

Nas cuestións de competencia suprímese o trámite previsto para a cuestión de competencia cando intervéñe o Tribunal Económico-Administrativo Central.

Desenvólvese regulamentariamente a tramitación da cuestión pre-xudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en cumprimento do mandato legal.

No recurso de anulación especificase que os prazos para a interposición do recurso de alzada ordinario, mesmo en caso de silencio administrativo, comezarán no momento da notificación da resolución do recurso de anulación.

Reestrutúrase a disposición dedicada aos recursos, no sentido de reenviar o contido relativo ás súas notificacións ao precepto destinado a estas. Así mesmo, explíctase que no escrito de interposición do recurso de alzada ordinario con solicitude de suspensión polos órganos da Administración xunto con esta se deberá achegar o informe en que se xustifique a concorrencia dos indicios racionais de que o cobramento pode verse frustrado ou gravemente dificultado.

Substitúese a denominación de procedemento abreviado ante órganos unipersoais por procedemento abreviado, para adaptala á Lei xeral tributaria e límitase o ámbito do devandito procedemento exclusivamente ás reclamacións de menor contía. Así mesmo, en relación co procedemento abreviado elimínanse as disposicións relativas á vista oral xa que esta desaparece no ámbito legal. Por último, por motivos de eficiencia, amplíanse as competencias do presidente neste tipo de procedementos pois está facultado, igual que o secretario, para ditar determinados acordos.

En relación coa execución das resolucións que afecten obrigas conexas, aclárase que a Administración levará a cabo a regularización da obriga conexa tanto de oficio como por instancia de parte.

Precísase que nos casos en que con ocasión da interposición dun recurso de alzada pola Administración se solicitase a suspensión, non será procedente a redución proporcional da garantía achegada na anterior instancia.

A regulación dun recurso específico contra a execución fai innecesario o réxime xurídico relativo ao incidente sobre esta. En consecuencia, queda suprimido o contido relativo ao devandito incidente.

O presente regulamento apróbase ao abeiro da habilitación legal sinalada na disposición derradeira novena da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que habilita o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.*

O Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese un novo artigo 2 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 2 bis. *Suspensión do procedemento de revisión en caso de procedemento amigable.*

Naqueles casos en que, de acordo co previsto na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se debe suspender un procedemento de revisión dos regulados no seu título V como consecuencia da tramitación simultánea dun procedemento amigable sobre as mesmas cuestións, a autoridade competente española a que se refire o artigo 2 do Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, aprobado polo Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro, comunicará ao órgano revisor os recursos administrativos ou xudiciais interpostos polo solicitante ou polas demais partes implicadas que consten na solicitude de inicio do procedemento amigable ou calquera outro recurso dos cales teña coñecemento.

Así mesmo, a devandita autoridade competente comunicará ao órgano de revisión a terminación do procedemento amigable, achegando copia do acordo de terminación, para os efectos de alzar a suspensión do procedemento de revisión e da súa resolución.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Concluído o trámite de audiencia, o órgano competente para tramitar o procedemento formulará a proposta de resolución.

Formulada a proposta, o órgano competente para tramitar deberá solicitar un informe do órgano con funcións de asesoramento xurídico sobre a procedencia da revogación.»

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 25, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A mera interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado.

Non obstante, por solicitude do interesado suspenderase a execución do acto impugnado nos seguintes supostos:

a) Cando se achegue algunha das garantías previstas no artigo 224.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos termos previstos neste artigo.

b) Sen necesidade de achegar garantía, cando se aprecie que ao ditado se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

Así mesmo, tratándose de sancións que fosen obxecto de recurso de reposición polos interesados, a súa execución quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en

vía administrativa. Non se suspenderán conforme esta letra as responsabilidades polo pagamento de sancións tributarias previstas no artigo 42.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A suspensión non afectará as actuacións de recadación que se producisen ata ese momento.»

«2. A solicitude de suspensión con achega das garantías que sinala o artigo 224.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, suspenderá o procedemento de recadación relativo ao acto impugnado.

O recorrente poderá solicitar a suspensión cuxos efectos se limitarán ao recurso de reposición.

As garantías que se constituán poderán estender a súa eficacia, se é o caso, á vía económico-administrativa posterior. Neste caso, a garantía manterá os seus efectos no procedemento económico-administrativo en todas as súas instancias.

Así mesmo, se o interesado o considera conveniente, e sen prexuízo da decisión que adopte o órgano xudicial na peza de medidas cautelares, a suspensión poderá solicitarse con extensión dos seus efectos á vía contencioso-administrativa.

A garantía achegada, no caso das obrigas conexas reguladas no artigo 224.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, estenderá os seus efectos ás cantidades que, se é o caso, deban reintegrarse, como consecuencia da estimación total ou parcial do recurso que comportase a correspondente devolución conexas.»

«3. A garantía deberá cubrir o importe do acto impugnado, os xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que procederían en caso de execución da garantía.

Cando a garantía consista en depósito de diñeiro ou valores públicos, os xuros de demora serán os correspondentes a un mes se cobre só o recurso de reposición. Se estende os seus efectos á vía económico-administrativa, deberá cubrir, ademais, o prazo de seis meses se o procedemento da reclamación é o abreviado, dun ano se o procedemento da reclamación é o xeral e de dous anos se a resolución é susceptible de recurso de alzada ordinario.»

Catro. Suprímese a letra e) do número 3 e dáse unha nova redacción ao número 5 do artigo 28, que queda redactado do seguinte modo:

«5. O pleno, as salas e os órganos unipersoais de cada tribunal poderán constituírse e exercer as súas competencias en calquera das oficinas dos tribunais no territorio nacional. O presidente do Tribunal Económico-Administrativo Central, mediante resolución, poderá atribuír aos membros de calquera órgano económico-administrativo a función de resolver reclamacións propias da competencia doutro, para o que, desde ese momento, pode constituírse como órgano unipersoal ou como sala deste. As resolucións que diten entenderanse adoptadas para os efectos de recursos na sede que teña atribuída cada tribunal ou sala desconcentrada.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Terán a consideración de órganos unipersoais de cada tribunal e de cada sala desconcentrada os que sexan designados por acordo do presidente do Tribunal Económico-Administrativo Central entre os funcionarios que estean destinados en tales tribunais ou salas, por proposta dos seus respectivos presidentes.

En cada tribunal ou sala desconcentrada poderán existir varios órganos unipersoais. O acordo de nomeamento dos citados órganos unipersoais fixará a distribución de materias e asuntos entre eles.»

Seis. Modifícase o artigo 35, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Contía da reclamación.*

1. A contía da reclamación será o importe do acto ou actuación obxecto da reclamación. Os actos que non conteñan ou non se refiran a unha cuantificación económica e as sancións non pecuniarias consideraranse de contía indeterminada. Se o impugnado é unha base impositiva ou un acto de valoración e non se practicase a correspondente liquidación, a contía da reclamación será o importe daqueles.

Sen prexuízo do anterior, nos seguintes supostos, a contía da reclamación será:

a) Nas reclamacións contra actos ditados pola Administración mediante os que se minore ou se denegue unha devolución ou compensación solicitada polo reclamante, a diferenza entre a devolución ou compensación solicitada e a recoñecida pola Administración, máis, se é o caso, o importe que resulte a ingresar.

b) Nas reclamacións contra actos de diminución de bases impositivas negativas declaradas polo obrigado tributario, a base impositiva negativa que fose regularizada pola Administración. Se o acto administrativo exige ademais unha débeda tributaria a ingresar, atenderase ao maior dos dous importes seguintes: a base impositiva negativa declarada que foi regularizada ou a débeda tributaria a ingresar. Se ademais da base impositiva negativa declarada se solicitou unha devolución, atenderase ao maior dos dous importes seguintes, a base impositiva negativa que foi suprimida, e o importe que resulte da aplicación do establecido na letra a) deste punto.

Se os importes comparados determinan distinta vía de recurso ou procedemento, en virtude da aplicación dos artigos 36 e 64 deste regulamento, terase por maior importe aquel que supere a contía necesaria para o recurso de alzada e, na súa falta, aquel que supere a contía establecida para o procedemento abreviado, aínda que en termos absolutos sexan inferiores.

c) Nas reclamacións contra dilixencias de embargo, o importe por que se segue a execución.

d) Nas reclamacións contra acordos de derivación de responsabilidade, o importe obxecto de derivación.

e) Nas reclamacións contra sancións, o importe destas con anterioridade á aplicación das posibles reducións.

f) Nas reclamacións contra resolucións de procedementos iniciados por unha solicitude de devolución de ingresos indebidos, por unha solicitude de rectificación dunha autoliquidación ou por unha solicitude de compensación, a diferenza entre o solicitado e o recoñecido pola Administración. Se a solicitude non permite concretar a cantidade a que se refire, a reclamación considerárase de contía indeterminada.

g) Nas reclamacións sobre determinados compoñentes da débeda tributaria, a que se refire o artigo 58 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o compoñente ou a suma dos compoñentes que sexan obxecto de impugnación.

2. Cando o acto administrativo obxecto de reclamación inclúa varias débedas, bases, valoracións ou actos doutra natureza, considerárase como contía da reclamación interposta a da débeda, base, valoración ou acto de maior importe que se impugne, sen que para estes efectos proceda a suma de todos os consignados no documento. As reclamacións contra actos que realicen varios pronunciamentos e só algún deles conteña ou se refira a unha cuantificación económica, consideraranse de contía indeterminada.

3. Nas reclamacións sobre actuacións ou omisións dos particulares, atenderase á pretensión do reclamante.»

Sete. Modifícase o artigo 37, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Acumulación.*

1. O tribunal, en calquera momento previo á terminación, de oficio ou por solicitude do interesado, acordará a acumulación ou deixará sen efecto a acumulación acordada, sen que en ningún caso se retrotraian as actuacións xa producidas ou iniciadas na data do acordo ou da solicitude.

2. Denegada ou deixada sen efecto a acumulación, cada reclamación proseguirá a súa propia tramitación, con envío ao tribunal competente, se é outro, e sen que sexa necesario un novo escrito de interposición, ratificación ou validación. En cada un dos novos expedientes consígnarase unha copia cotexada de todo o actuado.»

Oito. Modifícase o número 3 do artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Tratándose de sancións que fosen obxecto de reclamación polos interesados, a súa execución quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa. Non se suspenderán conforme este punto as responsabilidades polo pagamento de sancións tributarias previstas no artigo 42.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A suspensión non afectará as actuacións de recadación que se producisen ata ese momento.»

Nove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 41, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As garantías quedarán, para os efectos da súa eventual execución, á disposición do órgano competente para a recadación do acto obxecto da reclamación e deberán cubrir o importe da obriga a que se refire o acto impugnado, os xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que procederían en caso de execución da garantía.

Cando a garantía consista no depósito de diñeiro ou valores públicos, os xuros de demora serán os correspondentes ao prazo de seis meses se o procedemento da reclamación é o abreviado, dun ano se o procedemento da reclamación é o xeral e de dous anos se a resolución é susceptible de recurso de alzada ordinario.

2. Cando nos supostos de estimación parcial dun recurso ou dunha reclamación deba ditarse unha nova liquidación, a garantía achegada quedará afecta ao pagamento da nova cota ou cantidade resultante e dos xuros de demora calculados de acordo co artigo 26.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, todo iso de conformidade co disposto no artigo 233 da mesma lei.

No caso das obrigas tributarias conexas, se a reclamación afecta unha débeda tributaria que, pola súa vez, determinou o recoñecemento dunha devolución a favor do obrigado tributario, as garantías achegadas para obter a suspensión garantirán, así mesmo, as cantidades que deban reintegrarse como consecuencia da estimación total ou parcial da reclamación.»

Dez. Modifícase o artigo 50, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 50. *Notificacións.*

1. Os tribunais económico-administrativos notificarán as súas resolucións aos interesados.

Así mesmo, notificarán a resolución aos órganos lexitimados para interpoñer o recurso de alzada ordinario, o recurso extraordinario de alzada para a unificación de criterio e o recurso extraordinario para a unificación de doutrina, segundo o previsto nos artigos 241, 242, 243 e nos números 5 e 6 da disposición adicional décimo primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. As notificacións practícaranse polo medio sinalado para o efecto polo interesado. Esta notificación será por medios electrónicos nos casos en que exista obriga de relacionarse desta forma coa Administración.

Se o reclamante comunica a súa vontade de que as notificacións se practiquen por medios electrónicos e designa no mesmo escrito un domicilio para os efectos de notificacións, a notificación deberá practicarse por medios electrónicos.

Cando o reclamante non estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, se, con posterioridade á comunicación de que as notificacións se practiquen por medios electrónicos, fai constar un domicilio para os efectos de notificacións sen manifestar a vontade de deixar aquela sen efecto, será requirido no devandito domicilio para que no prazo de dez días poida expresar se pretende ou non tal revogación, e advertiráselle que, na falta de contestación, se entenderá que se mantén como vía de comunicación a electrónica.

Se, con posterioridade á designación dun domicilio para os efectos de notificacións, o reclamante comunica a súa vontade de que as notificacións se practiquen por medios electrónicos, entenderase que a notificación deberá practicarse por este medio.

3. Se a notificación ten que facerse no domicilio, e no expediente da reclamación figuran varios domicilios para a práctica de notificacións designados polo interesado, tomarase en consideración o último sinalado para estes efectos; cando no expediente da reclamación non figure ningún domicilio sinalado expresamente para os efectos de notificacións, estas poderán practicarse no domicilio fiscal do interesado se o tribunal tiver constancia del; cando non sexa posible coñecer ningún domicilio segundo o disposto neste punto, ou cando, intentada a notificación persoal, non fose posible efectualala, a notificación deberá practicarse de acordo co artigo 112.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos termos a que se refire o artigo 234 da mesma lei.

A notificación en papel poderá practicarse por correo certificado ou por un funcionario que estenderá unha dilixencia de constancia de feitos para a súa incorporación ao expediente e deixará unha copia daquela no domicilio onde se realice a actuación.»

Once. Modifícase o artigo 51, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 51. *Custas do procedemento.*

1. O órgano económico-administrativo poderá apreciar a existencia de temeridade cando a reclamación ou o recurso careza manifestamente de fundamento e mala fe cando se produzan peticións ou se promovan incidentes con manifesto abuso de dereito ou que entrañen fraude procedemental.

En particular, poderá ser apreciada a existencia de mala fe cando se formulen recursos ou reclamacións económico-administrativos cunha finalidade exclusivamente dilatoria.

As devanditas circunstancias deberán ser debidamente motivadas polo órgano económico-administrativo competente.

2. Cando se impoña o pagamento das custas, estas cuantificaranse nunha porcentaxe do 2 por cento da contía da reclamación, cun mínimo de 150 euros para as reclamacións ou recursos resoltos por un órgano unipersoal, e de 500 euros para os que sexan resoltos por un órgano colexiado. En caso de reclamacións de contía indeterminada, as custas cuantificaranse nas contías mínimas referidas. Estas contías poderán actualizarse por orde ministerial.

3. Cando se acordase exixir o pagamento das custas do procedemento, o delegado de Economía e Facenda competente concederá o prazo a que se refire o artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ao obrigado ao pagamento para que satisfaga as custas. Transcorrido o devandito prazo sen que aquelas se fixesen efectivas, procederase á súa exacción polo procedemento de constrinximento.

4. Non se impoñerán as custas do procedemento no caso que as pretensións fosen estimadas total ou parcialmente.

5. Contra a condena en custas imposta na resolución económico-administrativa non caberá recurso administrativo ningún, sen prexuízo da súa revisión xunto co recurso de alzada que se poida interpoñer, de ser procedente.»

Doce. Modifícase o número 1 do artigo 53, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Recibida a reclamación, cando se considere que a competencia corresponde a outro tribunal económico-administrativo, remitirase de oficio e de forma motivada ao tribunal que se considere competente. A devandita remisión notificarase ao interesado. Se o acordo o adoptou un tribunal económico-administrativo rexional, o interesado poderá presentar, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da notificación, un escrito onde manifeste as súas alegacións ante o tribunal económico-administrativo destinatario. Se este último é tamén un tribunal económico-administrativo rexional e tamén declina a competencia sobre o expediente, motivará a súa decisión e remitirá o actuado ao Tribunal Económico-Administrativo Central, que decidirá e enviará as actuacións ao tribunal que deba continuar coa tramitación da reclamación.»

Trece. Introdúcese un novo artigo 58 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 58 bis. *Cuestión pre-xudicial.*

1. Cando de oficio o tribunal entenda que procede a formulación dunha cuestión pre-xudicial das previstas no artigo 237.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederá un prazo de 15 días ao reclamante e ao órgano competente da Administración tributaria que ditou o acto impugnado para que formulen alegacións en relación exclusivamente coa oportunidade da devandita formulación e xunten ao escrito de concesión do prazo para alegacións unha moción razoada sobre os motivos polos que o tribunal considera que procede a súa formulación. Se a formulación da cuestión pre-xudicial foi solicitada polo reclamante, concederá igual prazo ao órgano competente da Administración tributaria autora do acto.

Se, unha vez formulada a cuestión pre-xudicial, o tribunal económico-administrativo entende necesaria a presentación de alegacións complementarias ou reformulacións da cuestión pre-xudicial, ou a desistencia desta, concederá un prazo común de 10 días ao reclamante e ao órgano competente da Administración tributaria autora do acto para que aleguen o que consideren oportuno e xunten moción razoada ao respecto.

2. Unha vez formulada a cuestión pre-xudicial, o tribunal notificará a devandita circunstancia ao reclamante e ao órgano competente da Administración tributaria autora do acto, así como a suspensión do procedemento económico-administrativo. Así mesmo, tales circunstancias notificaranse ao reclamante e ao órgano competente da Administración autora do acto, cando se trate doutros procedementos económico-administrativos para cuxa resolución sexa preciso coñecer o resultado da cuestión pre-xudicial distintos daquel en que esta se formulou, e poderase acordar a suspensión logo de trámite de alegacións polo prazo de 15 días concedido ao reclamante e ao órgano competente da Administración autora do acto.

3. Para os efectos de entender recibida no órgano económico-administrativo competente a resolución da cuestión formulada, entenderase que iso se produciu coa publicación no Diario Oficial de la Unión Europea da versión en castelán da sentenza. Notificaráselles ao reclamante e ao órgano competente da Administración tributaria autora do acto o levantamento da suspensión de cada un dos procedementos que fosen obxecto de suspensión como consecuencia da formulación da cuestión pre-xudicial.

4. Para os efectos da Administración tributaria do Estado, consideraranse órganos competentes os directores de departamento da Axencia Estatal de Administración Tributaria en materias da súa competencia.»

Catorce. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 60, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A competencia para resolver o recurso de anulación a que se refire o artigo 241 bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, corresponderá ao órgano do tribunal que ditase o acordo ou a resolución impugnada.

2. Cando a resolución da reclamación económico-administrativa sexa susceptible de recurso de alzada ordinario, o prazo para a interposición deste último comezará a contar a partir do día seguinte ao da notificación da resolución do recurso de anulación.»

Quince. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 61, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O recurso de alzada ordinario dirixirse ao tribunal que ditase a resolución impugnada que no prazo dun mes o remitirá, xunto co expediente orixinario e co da reclamación, ao Tribunal Económico-Administrativo Central.

Cando o lexitimado para recorrer non estivese comparecido no procedemento en primeira instancia, o tribunal económico-administrativo rexional ou local poñeralle de manifesto os expedientes a que se refire o parágrafo anterior para que poida formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, e a continuación dará traslado delas ao reclamante en primeira instancia e aos demais comparecidos para que, no prazo doutro mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, poidan formular as alegacións que consideren convenientes. Unha vez completados estes trámites, os expedientes remitiranse ao Tribunal Económico-Administrativo Central.

A práctica das probas, se é o caso, regularase polo disposto para a primeira instancia.

2. De acordo co disposto no artigo 241.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, co escrito de interposición do recurso de alzada ordinario poderá achegarse a solicitude de suspensión da execución da resolución impugnada polos órganos da Administración. Nestes casos, xunto coa solicitude deberase achegar un informe en que se xustifique a existencia de indicios racionais de que o cobramento da débeda que finalmente poida resultar exixible se podería ver frustrado ou gravemente dificultado de non se acordar a suspensión solicitada.

3. No recurso extraordinario de alzada para a unificación de criterio será aplicable o disposto no número 1 deste artigo.»

Dezaseis. Modifícase a denominación do capítulo III do título IV, que pasa a denominarse «Procedemento abreviado».

Dezasete. Modifícase o artigo 64, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 64. *Reclamacións económico-administrativas que se tramitarán polo procedemento abreviado.*

As reclamacións económico-administrativas tramitaranse polo procedemento abreviado cando sexan de contía inferior a 6.000 euros ou 72.000 euros se se trata de reclamacións contra bases ou valoracións.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 65, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 65. *Procedemento abreviado.*

1. Se o escrito de interposición non cumpre os requisitos exixidos no artigo 246.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, emendarase de acordo co disposto no artigo 2.2 deste regulamento.

2. Nas cuestións non reguladas neste artigo será de aplicación o establecido para o procedemento xeral. En particular, os acordos previstos nos artigos 236.6, 238.2 e 239.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán ser ditados tamén polo presidente ou polo secretario do tribunal aínda cando non sexan o órgano competente para resolver o procedemento abreviado que se tramite. Igualmente, corresponderá á secretaría do tribunal a tramitación do procedemento.»

Dezanove. Modifícase o número 2 do artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os actos resultantes da execución da resolución dun recurso ou reclamación económico-administrativa deberán ser notificados no prazo dun mes desde que a devandita resolución teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa execución.

De oficio ou por instancia de parte, a Administración, no prazo dun mes, regularizará a obriga conexas correspondente ao mesmo obrigado tributario vinculada coa resolución obxecto do recurso ou reclamación, de acordo co disposto nos artigos 225.3 e 239.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Os actos de execución non formarán parte do procedemento en que tivese a súa orixe o acto obxecto de impugnación.

Na execución das resolucións serán de aplicación as normas sobre transmisibilidade, conversión de actos viciados, conservación de actos e trámites e validación previstas nas disposicións xerais de dereito administrativo.»

Vinte. Modifícase o número 1 do artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Nos supostos da estimación parcial do recurso ou reclamación interposto cuxa resolución non poida ser executada de acordo co disposto no parágrafo primeiro do número 1 do artigo anterior, o interesado terá dereito, se así o solicita, á redución proporcional da garantía achegada. Non obstante, nos supostos de estimación total ou parcial da reclamación interposta cuxa resolución non poida ser executada de acordo co disposto no número 3 do artigo 241 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non procederá a redución da garantía achegada.

Nos supostos en que se deba reducir a garantía, o órgano competente practica-la, no prazo de 15 días, desde a presentación da solicitude do interesado, unha cuantificación da obriga que, se é o caso, resultase da execución da resolución do correspondente recurso ou reclamación, a cal servirá para determinar o importe da redución procedente e, en consecuencia, da garantía que debe quedar subsistente.

Non obstante, de acordo co artigo 25.9 e co artigo 41.2, a garantía anterior seguirá afecta ao pagamento do importe do acto, débeda ou obriga subsistente, e manterá a súa vixencia ata a formalización da nova garantía que cubra o importe do acto, débeda ou obriga subsistente.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 68, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 68. *Cumprimento da resolución.*

Os órganos que teñan que executar as resolucións dos órganos económico-administrativos poderán solicitar ao tribunal económico-administrativo unha aclaración da resolución.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

A nova redacción do número 1 do artigo 67 do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, relativo á redución proporcional de garantías achegadas para a suspensión, será de aplicación cando a solicitude de suspensión polos órganos da Administración se realice a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO